

### **Os socialistas de Baralla conseguen que o PP apoie a súa proposta para o arranxo de espazos públicos que o Alcalde mantén nun estado “deplorable”**

O grupo do PSOE presentou unha moción para esixir ao Goberno local a reparación inmediata de rúas, estradas municipais e o parque infantil da Praza Maior, nos que o risco de accidente é elevado debido ás deficiencias que presentan

Destacan que o apoio do Partido Popular demostra “a mala xestión do Sr. Capón que ten o Concello para o que lle interesa, menos para mellorar o benestar dos seus veciños”

**BARALLA, 31 DE MARZO.-** Os socialistas de Baralla conseguen que o Goberno local apoiase a moción presentada para solicitar o arranxo inmediato dalgúns espazos públicos, que son de titularidade municipal e que se atopan nun estado “deplorable”. Concretamente, precisa o voceiro do PSOE –Manuel Antonio Pérez Fernández-, o Concello posúe unha serie de estradas, rúas e avenidas que, polo paso do tempo e polas inclemencias meteorolóxicas, precisan ser revisadas e reparadas tras unha avaliación previa.

Ante esta situación, os socialistas pediron no Pleno a análise dos desperfectos producidos na avenida de Fabeiro e na rúa Alcalde José Luis Roca Leivas; zonas nas que se observa a presenza de numerosos baches, moitos deles de gran tamaño, que poden provocar accidentes graves, ou como pouco, dificultar en gran medida a circulación nestas vías.

Coa decisión dos populares, asegura Pérez Fernández, demostrase “a mala xestión do Sr. Capón que ten o Concello para o que lle interesa, menos para mellorar o benestar dos seus veciños”. Neste senso, explica que outra actuación considerada de extrema urxencia é a referida á reparación do firme da estrada Lamas-Mazaille; lugar onde existe un enorme socavón producido polo fundimento da calzada en todo o ancho da mesma. “Pódese comprobar como está a ceder a capa asfáltica, probablemente pola presenza de augas subterráneas. Este penoso estado da vía xa foi causa, máis que evidente, de múltiples accidentes debido á gran dificultade que supón controlar a marcha dos vehículos en dito punto da vía”, precisa o socialista.

Outra das zonas onde é evidente que hai que actuar é no parque de xogos infantís da Praza Maior, xa que conta conta con notables deficiencias que afectan á seguridade dos seus usuarios, “os pequenos e pequenas do noso pobo”. “O deterioro é xeral e palpable en toda a instalación”, afirma, pois “non se aprecia un mantemento periódico dos materiais do parque, faltan escalóns no tobogán e os equipamentos de madeira presentan aristas e roturas que poden ser orixe de cortes, feridas ou caídas dos rapaces e rapazas que empregan este mobiliario de propiedade municipal”, conclúe o voceiro do PSOE.